



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.E.I.P. “XOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ”

Rúa Doantes de Sangue, nº 1 (36400) O PORRIÑO (Pontevedra) (Tfno.: 986 33 15 56) (Fax: 986 33 52 90)
e_mail: ceip.xose.fernandez@edu.xunta.es

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

CENTRO: C.E.I.P. Xosé Fernández López

ENDEREZO: r/ Donantes de sangue nº1. C.P. 36.400 O Porriño

CÓDIGO: 36007023

DATA: 19-10-2007

Astorga Gallego, Ramona
Cachaldora Reñones, Mónica
Domínguez Fernández, María Estrella
Escariz Ferrín, Montserrat
González Costas, Carolina
Quintás Suárez, Moisés
Rodríguez Estévez, José Benito
Labandeira Sánchez, Julio César (Coordinador)

P.L.C. PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

O proxecto lingüístico de centro, recollido expresamente no artigo 14 do Decreto 124/2007, como documento de carácter pedagóxico-administrativo, que ten a función de concretar as actuacións específicas de cada curso, parte dun diagnóstico inicial da situación sociolingüística do contorno do centro educativo.

A análise sociolingüística que levamos a cabo tivo como obxecto principal establecer o grao de coñecemento (nivel de estudos na/da lingua galega), uso, opinión respecto ó uso

xeneralizado, expectativas do mesmo e utilidade que ten o galego no noso entorno escolar (alumnado e pais).

Para realizar devandita actividade elaboráronse dous modelos de enquisa, que cubriron alumnado e pais/nais respectivamente, (cun elevado grao de participación 70%) obtendo os resultados que recollemos no Anexo 1.

Trala análise dos datos recollidos podemos sinalar que o contorno do noso centro é maioritariamente castelanfalante. Tanto pais/nais coma alumnado están de acordo que comprender é máis sinxelo que ler, escribir e falar con corrección. En canto á frecuencia de uso, sendo baixa en tódolos casos, sinalar que non destaca ningún ámbito en especial. No tocante á preferencia/gusto na expresión oral, reflíctese o xa sinalado anteriormente, decántanse polo castelán.

Ámbolos dous grupos (pais-nais e alumnado) coinciden tamén, no pouco uso do galego no Porriño, aínda que no alumnado esta afirmación sobresaie máis que no grupo dos adultos, quizais pola labor de sensibilización social actual, e en concreto da feita dende a escola. Un gran grupo dos enquisados pais/nais (40%) non realizaou ningún estudo en galego.

Máis da maioría decántanse polos ítems que afirman que o uso do galego nos diferentes ámbitos da vida está ben, aínda que tamén salientamos que aproximadamente un 20% móstrase indiferente con respecto ao idioma nos distintos ámbitos da vida

Por último, a avaliación que se fai do ámbito laboral e utilidade xeral, salienta que mentres o alumnado pensa que ámbolos dous idiomas son iguais de útiles, o grupo pais/nais segue a pensar que o castelán é máis útil; aínda que todos coinciden en que as posibilidades de mellora son as mesmas.

En relación ao profesorado, destaca que cumprindo o establecido na normativa o idioma predominante é o castelán, cunha case totalidade de profesorado bilingüe.

1.1. Distribución lingüística curricular (fóra das materias marcadas no Decreto).

No C.E.I.P. Xosé Fernández López, tal e como se recolle no Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004 (BOPG nº 622 do 7 de setembro) no punto 2.1.266 e no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo nos artigos 7 e 8 na etapa de E.I. o profesorado usa na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, tendo en conta a lingua do controno e coidando que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa.

O centro leva tamén desenvolvendo dende o ano anterior un proxecto de innovación educativa para a potenciación do ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil en contextos castelanfalantes.

A día de hoxe funciona íntegramente en galego unha das sete aulas de infantil coas que conta o centro (5 anos). O obxectivo primeiro deste programa é fomentar a adquisición progresiva da lingua de xeito que o galego se converta no idioma base da aprendizaxe e garantir que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente neste idioma. Garántese ademais o uso da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza como mínimo nun grao igual ao castelán. Neste senso impártense en galego as tres áreas do currículo incluíndo a psicomotricidade e a expresión musical

En toda a etapa de Educación Primaria garántese o cumprimento do establecido para esta etapa no Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004. Impártense obrigatoriamente

en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural e lingua galega. Para garantir a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade tamén se imparten en galego as áreas de educación musical e educación física.

1.2. Medidas de apoio e reforzo para garantir os obxectivos de fomento do plurilingüismo

Consideramos que este apartado inclúese no anterior, e máis concretamente no apartado 1.4., polo que pensamos que queda desenvolvido nos apartados 1.1. e 1.4. .

1.3. Criterios para determinar a lingua do contorno.

Para determinar a lingua predominante do contorno tomáronse como referencia os datos extraídos das enquisas, o modelo figura no AnexoII. As conclusións obtidas, tal e como sinalabamos anteriormente, aparecen reflectidas no AnexoI.

1.4. Medidas adoptadas para o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan

Para mellorar a competencia lingüística do alumnado, a maiores de tódalas actividades realizadas relacionadas coa lingua, existen basicamente tres vías:

- Proxecto de innovación educativa para a potenciación da Lingua Galega en Educación Infantil
- Proxecto de anticipación de Inglés en Educación Infantil
- Colaboración dos mestres especialistas de Educación Musical e Educación Física, impartindo as súas materias en Galego.

1.5. Proxecto do E.N.D.L.

Proxecto do E.N.D.L.

Tendo como referencia o marco lexislativo sobre os Equipos de Normalización Lingüística (D. 247/1995, do 14 de setembro; D. 79/1994, do 8 de abril; D.374/1996, do 17 de outubro; Orde do 22 de xullo de 1997), o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, o Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo e o P.E.C. do noso centro, o E.N.D.L. tentará a potenciación do uso do galego e mellora da competencia lingüística dos membros da comunidade educativa, principalmente profesorado e alumnado, así como fomentar a valoración positiva da lingua galega favorecendo a presenza da realidade galega na aula, centro e entorno educativo.

A lexislación actual sinálanos con claridade cal é o obxectivo final ao que debemos chegar: conseguir que os nosos alumnos/as acaden unha competencia lingüística semellante nas dúas linguas oficiais.

Ese é o punto de chegada común. Polo tanto, cada centro ten a capacidade e a obriga de ensaiar solucións específicas, en función da súa realidade e dos medios dos que dispoña.

O E.N.D.L. está constituído, para o presente curso 2007/08, polos seguintes membros:

Astorga Gallego, Ramona
Cachaldora Reñones, Mónica
Domínguez Fernández, María Estrella
Escariz Ferrín, Montserrat
González Costas, Carolina
Quintás Suárez, Moisés
Rodríguez Estévez, José Benito
Labandeira Sánchez, Julio César (Coordinador)

O E.N.D.L. manterá reunións os cuartos martes de cada mes, e sempre que sexa preciso para a programación ou preparación dalgunha proposta.

Obxectivos xerais

- ❖ Conseguir que todo alumnado ao remate da E.P. acade unha competencia semellante, acorde coa súa idade, nas dúas linguas oficiais da nosa comunidade.
- ❖ Converter o galego na lingua de uso habitual en todos os comunicados e documentos oficiais redactados dende o centro , así como as actas dos equipos, departamentos e comisións... do colexio.
- ❖ Galeguizar todo o sistema administrativo e informático oficial do Centro.

- ❖ Potenciar a presenza da realidade galega (literatura, festas, arte, etc.) nas actividades do Colexio.
- ❖ Fomentar o uso do galego como lingua vehicular tanto entre os alumnos/as como nos profesores e Comunidade Educativa.
- ❖ Fomentar que toda a comunidade educativa coñeza e aprecie a diversidade lingüística desta comunidade, respectando as dúas linguas oficiais e valorando a súa existencia como unha achega enriquecedora.
- ❖ Valorar e estimar a lingua de Galicia facendo uso dela con normalidade.
- ❖ Comprender oralmente mensaxes en lingua galega, de acordo coas necesidades da súa idade, relacionándoas coas súas experiencias e aplicándoas ós novos procesos de aprendizaxe.
- ❖ Coñecer e utilizar o léxico adecuado ás necesidades comunicativas e de aprendizaxe desta idade.
- ❖ Recoñecer e valorar as distintas manifestacións dunha cultura propia (música, literatura, arte, natureza...)

Actuacións previstas polo equipo de Normalización Lingüística

- Normalizar a lingua galega a través do exemplo diario.
- Animar ao profesorado a que forme parte do E.N.D.L. por riba dos mínimos esixidos para a súa constitución.
- Proporcionar aos pais e nais toda a información que recaben do colexio sempre en galego, tanto se se trata de información oral como de información escrita.
- Utilizar a lingua galega nas reunións colectivas de grupo, de nivel e de ciclo cos pais e nais.
- Utilizar a lingua galega nas entrevistas persoais do profesorado cos pais, nais e alumnado.
- Uso da lingua galega en tódolos actos que organice o centro: samaín , magosto, entroido, maíos...
- Manter a colaboración dos pais e nais para, a través da A.N.P.A. ou individualmente, elaborar unha sección propia na revista escolar "*Ecos da Louriña*".
- Colaborar activamente coa A.N.P.A. para a elaboración de "*O noso libro*".
- Conseguir a colaboración de diferentes membros da familia dos nosos nenos e nenas para que nalgúnhas clases de distintos ciclos expliquen aspectos e curiosidades dalgunhas profesións.
- Emisión diaria en galego da nosa Radio-Escolar, aumentando a súa dotación de música galega.

- Preparar e levar a cabo representacións teatrais para todo o colexio.
- Idear, elaborar e distribuír a todo o alumnado e a tódalas familias un calendario que anime ao uso do galego.
- Idear, elaborar, imprimir e distribuír un número polo Nadal da nosa revista escolar "*Ecos da Louriña*", apoiados por un Equipo de Redacción no que se impliquen, ademais do E.N.D.L., alumnos, alumnas, pais e nais.
- Para conmemorar as Letras Galegas, elaborar un periódico mural arredor da figura homenaxeada.
- Facilitarlle ao profesorado material axeitado para a incorporación da lingua e cultura galega ao ensino.
- Continuar aumentando a dotación da Biblioteca con textos en lingua galega, así como das Bibliotecas de Aula.
- Proporcionar información ao profesorado e pais sobre a normativa que regula o uso do galego.
- Manter no taboleiro do corredor e no recuncho da sala do profesorado información relacionada coa realidade galega.
- Participar en concursos que promocionen a lingua galega.
- Elaboración dun calendario escolar no que figuren as datas e acontecementos importantes de cada mes e no que colaboren todos os alumnos e alumnas do centro.
- Elaborar un traballo en cada aula co nome do escritor ou escritora galega que a nomea.

- Colaborar, na medida do posible, co servizo de normalización lingüística do concello.